

## **PROPOSTA DE ACTIVIDADES DE REPASO PARA O ALUMNADO DE 4º DE E.P. DURANTE O PERÍODO DE SUSPENSIÓN DAS CLASES.**

Durante o tempo de suspensión das clases recoméndase ao alumnado de 4º de E.P a realización de actividades relacionadas cos contidos traballados na aula ata o momento e que se sinalan a continuación con respecto ás diferentes áreas.

Recoméndase tamén continuar o estudo para as probas escritas que quedaron pendentes de realizar e para as que se establecerá unha nova data.

Na aula virtual do centro atoparedes actividades para traballar os contidos que se recollen a continuación, que se poderán complementar con outras actividades que cada familia desexe realizar.

### **LINGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA:**

- Lectura de textos. Por exemplo, facer un resumo, escribir a opinión persoal sobre a lectura, facer un debuxo que ilustre o texto...
- Escritura de diferentes tipos de textos: contos, descrições, noticias, carteis, cartas, correos electrónicos...
- Repasar contidos traballados ata o momento:
  - Palabras sinónimas e antónimas, polisémicas, homófonas, primitivas e derivadas, simples e compostas, familias de palabras e prefixos e sufixos.
  - As distintas clases de oracións, o suxeito e o predicado, o substantivo e o adxectivo, o artigo...
  - As palabras agudas, graves e esdrúxulas e a súa acentuación, o ditongo e o hiato, o uso da h e o uso do guión.

### **MATEMÁTICAS:**

- Numeración: con números de ata sete cifras, aproximacións...
- Propiedades da suma, estimacións de sumas e restas.
- A multiplicación, propiedades da multiplicación, estimación de produtos e as potencias.
- A división e a proba da división con divisor de unha e dúas cifras.
- Resolución de problemas empregando a suma, resta, multiplicación e división.

## CIENCIAS SOCIAIS E CIENCIAS DA NATUREZA:

- A representación da Terra.
- A organización política e territorial.
- Os seres vivos: os animais vertebrados e invertebrados e as plantas.
- A materia e a enerxía.

Un saúdo, as titoras de 4º EP.